



O concurso de fotografía “E ti... de quen vés sendo” está organizado pola Indicación Xeográfica Protexida Grelos de Galicia, con domicilio social sito no Pazo de Quián s/n, Sergude, CP-15881, Boqueixón (A Coruña).

Trátase dun concurso aberto a todos os públicos que ten por obxectivo premiar a aqueles que se animen a presumir de grupo, gusto, familia ou mote co que se identifiquen.

Este concurso está encadrado na campaña publicitaria: *E ti...de quen vés sendo?*

## BASES

1. **TEMA:** Os participantes terán que sacar unha fotografía no photocall do Fórum Gastronómico de A Coruña. Nela indicaranos o grupo, gusto, familia ou mote co que se identifican; acto seguido, han de pór a súa mellor pose para subila ó perfil das redes sociais de Facebook e Instagram: @grelosdegaliciaooficial. A foto que máis gústames obteña, conseguirá unha cea para dúas persoas na Horta D’Obradoiro, de Kike Piñeiro e Eloy Cancela.

2. **PARTICIPANTES:** Aberto a todos os públicos sen restricións de idade nin procedencia. Cada usuario poderá participar un máximo de 2 veces. A participación no concurso implica a aceptación das bases.

3. **DATAS:**

**Prazo de envío** das fotografías será dende o día 12 ao 14 de marzo de 2017 (ámbolos dous inclusive).

**Prazo de votacións** por parte dos usuarios do Facebook e Instagram, do 12 de marzo de 2017 ata ás 20:00h do 16 marzo de 2017.

**Día de publicación dos gañadores:** 17 de marzo de 2017.

4. **MECÁNICA E SORTEO:** Para poder participar no concurso, as imaxes deberán estar no Facebook e Instagram de Grelos de Galicia. O prazo de subida, etiquetaxe e votación das fotografías será dende o día 12 de marzo de 2017 ata ás 20:00h do 16 marzo de 2017. Non se aceptarán participacións fóra deste período de tempo.

As fotografías serán subidas aos perfís de Facebook e Instagram de Grelos de Galicia (@grelosdegaliciaooficial), a que máis gústames obteña sumando ás dúas redes sociais será a gañadora. En caso de empate será un o Consello Rector de Grelos de Galicia o que elixa ó gañador.

6. **GRELOS DE GALICIA** resérvase o seu dereito a non publicar as imaxes que considere danifias ou inapropiadas para ser publicadas no seu perfil mediante unha moderación de participacións.

7. **PREMIO:** Unha cea para dúas persoas no restaurante A Horta D’Obradoiro. O menú será a base de Grelos de Galicia. Válido ata maio 2017 e exclúe as datas de peche por vacacións do establecemento.

8. **ENTREGA DO PREMIO:** Contactarase co gañador mediante mensaxe privada de Facebook ou Instagram. No caso de rexeitar o agasallo, de non poder contactar coa persoa gañadora ou que non responda nun prazo máximo de 15 días, trasladarase o premio á seguinte fotografía máis votada, e así sucesivamente.

9. A participación no presente concurso de fotografía leva implícita a autoridade da fotografía por parte da persoa que a envía, así como a autorización para o seu uso á I.X.P. Grelos de Galicia e Naranjalimón Branding 360 S.L e a publicar calquera dato ou fotografía do premiado en calquera medio de difusión pública ou privada. A cesión de dereitos de propiedade intelectual segundo o exposto nas presentes Bases, non xera nin outorga reembolso, pagamento de tarifa ou canon nin dereitos económicos de ningún tipo para o participante.

10. Para calquera dúbida do concurso pódese contactar con [ixp.grelosdegalicia@gmail.com](mailto:ixp.grelosdegalicia@gmail.com).



FEADER:  
Europa inviste no rural



XUNTA  
DE GALICIA